

Data de publicación: 2 de abril de 2007

# “Sobre rosas e azuis na literatura infantil galega”

Artigo de Montserrat Pena Presas. Analiza a produción da literatura infantil galega nos anos setenta e o lugar ocupado polo sexismo nas obras publicadas nesa época.



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## SOBRE ROSAS E AZUIS NA LITERATURA INFANTIL GALEGA

“Las lecturas anteriormente expuestas convienen tanto a los niños como a las niñas. Hasta los doce años, aproximadamente, sus gustos son semejantes, pero a partir de esta edad van diferenciándose. Para los niños puede seguirse, graduando según su edad, los mismos géneros; pero las muchachas necesitan otro que, hasta encontrar otro calificativo mejor, podríamos llamar “sentimental” en el buen sentido de la palabra. Son aquellas novelas que desarrollan temas relacionados con su femenina sensibilidad y ternura, siempre enfocándolas en un recto sentido”

-África Ibarra. “Libros y niños” en *Bordón*, nº1, 1949<sup>1</sup>-

Os libros infantís luciron, durante anos, etiquetas visíbeis ou invisíbeis que os pintaban de rosa ou de azul, dividindo a produción nos sinxelos e maniqueos lemas de “o que é axeitado para os nenos” e “o que é adecuado para as nenas”. Toda unha morea de prexuízos que non facían se non ancorar nas trabes dunha sociedade xa de por si patriarcal, un sistema de valores e de actuacións que viñan fixar aínda máis os roles de xénero. Os mesmos que confinaban, e seguen confinando, ás mulleres entre as catro paredes da casa, facéndoas sumisas, caladas e sentimentais á forza.

As letras para o lectorado máis novo caracterizáronse sempre porque, debido á súa aparente sinxeleza, aos autores e autoras éralles máis doado introducir nelas determinadas ensinanzas de carácter moral ou doutrinario. A plasmación de tipos de conduta, aínda que fose de xeito indirecto, virábase así nun xogo de representacións estereotípicas ben doado de levar a cabo e, nunha determinada época, case que inconsciente.

Na longa noite de pedra franquista e despois aínda no remol deses anos de desesperanza e educación desigual para homes e mulleres, a literatura infantil e xuvenil seguía a ser lenzo ou gravado en que o efecto da Sección Femenina e o aparello educativo franquista quedaban ben reflectidos.

Neste contexto, tras o outono e definitivo inverno do patriarca, coa nova eclosión do movemento feminista, as revistas desta ideoloxía existentes no Estado Español recuperan paseniñamente un tema que aínda nos anos setenta e nos primeiros oitenta evitaban os estudos académicos. O renacer do feminismo trae consigo a problemática da literatura de mulleres, a polémica da discriminación da nena na escola (pois nestes anos o currículo escolar era aínda distinto para rapaces e rapazas) e o sexismo existente nos libros dedicados aos máis novos da casa. Neste contexto hai que entender as achegas que revistas como *Vindicación Feminista* fixeron nos últimos anos setenta. Outras publicacións, de índole tamén progresista, pero non exclusivamente comprometidas con esta ideoloxía, recollían tamén este tipo de discusións: este é o caso de *Cuadernos de pedagogía*<sup>2</sup>, *Ciudadano*<sup>3</sup> ou de *Camp de l'Arpa*, centrada, sobre todo, en cuestións relacionadas coa literatura.

Ademais das condicións sociais que se estaban a vivir no Estado Español, houbo outros catalizadores, como por exemplo a aparición en 1973 da obra da italiana Elena Gianni

---

<sup>1</sup> Citado por Cerillo, Pedro C (2000). “Lo literario y lo infantil: concepto y caracterización de la literatura infantil” en *La literatura infantil en el siglo XXI*. Coordinada por Pedro C. Cerrillo y Jaime García Padrino. Cuenca: Publicaciones de la Universidad de Castilla la Mancha, págs. 79-94.

<sup>2</sup> No nº31-32, julio 1977, Año III.

<sup>3</sup> Concretamente no nº2 e no 3.

Belotti, *Dalla parte delle bambine*, que non facía máis que resaltar a discriminación existente en moitas das narracións dedicadas á infancia. O ecoar do estudo de Belotti supuxo a aparición de toda unha práctica de absoluta transformación de roles de xénero. A tentativa máis coñecida neste sentido foi a editora que, co nome homónimo crearon en Italia Adela Turín e Nella Bosnia. No Estado, a colección “A favor de las niñas” foi publicada pola Editorial Lumen en 1979. As narracións de Turín son sinxelas e baséanse, fundamentalmente, na presentación estereotípica da realidade social para acabar rachando con ela e cambiando os papeis asignados aos sexos. Curiosamente, na presentación desta colección en Barcelona tildouse á súa autora de “practicar un feminismo escasamente militante”, como recolle Maite Goicoechea en *Vindicación Feminista*<sup>4</sup>.

Namentres, nestes anos en Galicia había demasiadas anqueiras pendentes. Ademais de todos os esforzos que se estaban levando a cabo para reconstruír a perdida sociedade democrática que desaparecera co levantamento de xullo de 1936, a meirande parte da forza dos axentes políticos e culturais estíbese canalizando para recuperar unha identidade, a galega, perdida para moitos na noite deses corenta anos de ditadura. E se non perdida, cando menos resentida, doída e deslexitimada.

Neste contexto principia o agromar do “asentamento e a consolidación”<sup>5</sup> da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega. O eido da escrita para a infancia e a mocidade comeza a vivir así nesa década de incertidumes e ilusións que foi a comprendida entre 1975 e 1985 un forte pulo, propiciado porque (como estaba a pasar con outros ámbitos, como por exemplo o do teatro galego) dende os sectores culturais percíbese como un agro ermo, que hai que labrar pouquiño a pouco para que vaian medrando os froitos que se recollerán quizais mañá ou ao mellor pasadomañá. Para iso, os editores optan por varios vieiros para propiciar a existencia dun campo literario especificamente infantil e xuvenil, pero tamén propiamente galego. Un deles será o da tradución, un xeito rápido e eficaz de dotar de lecturas literarias a un sector concreto. Verteranse no galego obras de todo tipo: dende clásicos (como *A chamada da selva* de Jack London), a obras contemporáneas consolidadas noutros sistemas literarios para o público máis novo (como as de Roser Capdevilla). Outro dos recursos máis usados polos editores será o do popular. Nesta década abundan as impresións de contos e cantigas da tradición popular, mais tamén reconstrucións e modificacións desta herdanza milenaria. Bo exemplo disto son *Contos vellos para rapaces novos* de Xosé Neira Vilas, xa todo un clásico, ou o moito menos coñecido *Unha ducia de fábulas* de Alexandro, publicado na Arxentina. Por outra banda, ao reparar na nómina de autores e autoras que nesta época pularon pola literatura para rapazas e rapaces, é visíbel a existencia dun proxecto cultural común, que facía participar nel a xentes que, en principio, non tiñan como obxectivo a creación para a infancia. Así, por exemplo, sorpréndenos atopar nas listaxes autorais a unha Kristina Berg que só participaría da escrita nestes anos; a un Odón Abad Flores metido a escritor infantil só por esixencias do guión e premura editorial ou a un Xan Guisán Seixas que aínda non se exclusivizara no mundo teatral.

---

<sup>4</sup> N°19, 1-1-1979, p.11.

<sup>5</sup> En palabras da profesora Blanca Ana Roig, que mantén que a LIX galega viviu entre 1950 e 1968 un período de transición e que a etapa de consolidación comezaría nese último ano coa convocatoria do concurso de contos infantís convocaco pola Asociación Cultural “O Facho”. En “A literatura galega infantil dende 1900 a 1950”. *Boletín Galego de Literatura*, n°15-16, pp. 77-95.

Nese remate da década dos setenta e sobre todo nos primeiros oitenta, aumenta considerablemente a produción autorial orixinalmente en galego. Algúns dos escritores máis en voga do momento, como Méndez Ferrín ou María Xosé Queizán, déixannos textos para un público tan cativo como esixente, como xa fixera antes e seguía a facer nesta xeira Carlos Casares (que tamén conseguira que *O principião* falase galego). Así é que nos nosos días, tanto *Arnoia*, *Arnoia* como *O segredo da pedra figueira* son dous clásicos de noso para a mocidade, ao igual que todo o mundo tivo nas súas mans ou polo menos escoitou falar das *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Tamén contamos coas contribucións de autores que estaban comezando a despegar nese momento no sistema literario galego e que non renuncian a se embarcar na nave iniciática da literatura infantil. Sirvan como exemplo un Martínez Oca que escribe *Roi e os seus amigos* e un Manuel Rivas que fai o propio con *Todo ben*. Ademais, xa nestes anos as autoras e autores que se *especializarán* co paso do tempo na LIX comezan a publicar os seus primeiros textos: este é o caso de María Victoria Moreno, Ursula Heinze, Paulina Boullosa, Helena Villar Janeiro, Gloria Sánchez ou Xoán Babarro e Ana María Fernández. Todas elas (pois son maioría) constitúan, posibelmente, unha primeira promoción en galego centrada na produción para a infancia e a adolescencia.

Tras todo este proxecto cultural, e despois de analizarmos as obras detidamente, observamos unha necesidade de construción-reconstrución da identidade propiamente galega que tamén é visíbel nestes mesmos anos no campo literario destinado, por así dicilo, ao mundo adulto. A cuestión da procura e do debuxo dunha identidade é contemplada case como unha necesidade na meirande parte das obras desa década: o importante, entón, é facerlle chegar ao neno e á nena a imaxe dun igual que fala, xoga e vive en galego. Só así se entende, por exemplo, que na obra *Coma nós* (publicada en 1975, escrita en 1972) de Ramiro Cartelle, se xustifique dalgún xeito que unha nena lle zoupe a un rapaz (e que esta actitude non sexa reprobada publicamente) só porque fala castelán. As arelas de erguer Galicia de novo, a saída ao exterior dunha cultura e dunha lingua que permaneceran agochadas e silenciadas durante corenta anos e a vinculación do universo dos escritores en lingua galega ao nacionalismo constitúen a explicación a este tipo de textos. A pesar de que na restante produción non se atopan exemplos tan evidentes coma este, si se pode falar dunha falta de preocupación patente en cuestións coeducativas nas obras desta época, que viñan a se constituír en espello da sociedade. Unha sociedade aínda moi conservadora e tradicional en moitísimos aspectos, malia a morte do ditador. Hai excepcións, mais os nosos textos infantís crean sobre todo un neno (e non unha nena) galegofalante, que se xoga coas persoas do outro sexo, faino sempre dende a distancia.

Enténdese así que, a pesar de que no Estado e tamén en Galicia, existise un movemento feminista novamente afortalado, os textos desta época non amosen en absoluto este novo auxe. Se a profesora Helena González nos permite usar a súa metáfora, diremos que o paraugas totalizador da nación tapou, unha volta máis, o espazo que lle podería corresponder á preocupación e ao coidado polos roles de xénero no lugar, tan perigoso, dos libros infantís e xuvenís. Feito que ademais, quedou agochado polos primeiros estudos, demasiado ocupados, como en boa parte é lóxico, en saudar a produción para a infancia en lingua galega e, en resaltar, a presenza de mulleres emisoras, como ten feito a profesora Carmen Blanco.<sup>6</sup>

---

<sup>6</sup> Blanco, Carmen (1990). *Literatura galega da muller*. Vigo: Xerais.

Agora que xa contamos con vinte anos de distancia para analizar dunha maneira máis obxectiva a xestión e o contido de toda esa produción, parece chegado o momento de valoralos na súa xusta medida: incidindo nos seus acertos, mais sen esquecer nin pasar por alto os seus tropezos, que son, nalgúns casos, o de continuar presentando funcións estereotipadas para os rapaces e rapazas.

Como ocorreu nos primeiros setenta no contexto estatal, no ámbito galego as revistas feministas tamén se ocuparon desta cuestión, aínda que algo máis tardiamente. Xa en 1986, a *Festa da palabra silenciada* titulaba o seu número cinco de xeito máis que significativo: “Nenas”. Un completo especial en que ademais de repasar o percorrido das mulleres autoras na nosa literatura infantil, non se renuncia a somerxerse nas letras portuguesas, a escolmar textos literarios realizados por rapazas ou a contar coas distintas opinións das autoras. Este número da *Festa* constitúe, sen dúbida, unha primeira pedra dende a que todos as investigadores e investigadores interesados na cuestión deberíamos comezar a camiñar, tendo presente unha vez máis, que a primeira das trabes xa a puxeron outras. Tamén na segunda parte dos anos 80, *Andaina* publicaría varios artigos breves<sup>7</sup> centrados, sobre todo, na discriminación das nenas no centro escolar. Marga Seoane, na mesma publicación, mais xa no ano 1990<sup>8</sup> tiraba do tema concreto do sexismo na literatura infantil, recomendando ao final uns cantos títulos e seguindo o camiño trazado polas feministas dos anos 70.

Arestora, máis de vinte anos despois, a polémica sobre o sexismo existente nos libros infantís e xuvenís segue aberta<sup>9</sup>. En principio, o lavado de cara das que eran, como a nosa, literaturas emerxentes na década dos oitenta, está feito. Mais que agochan as nosas obras para o público máis novo? Que din sen querer dicir? Parece claro, que neste eido tamén se avanzou, pero aínda é moito o que queda por camiñar. Se as creacións das feministas italianas semellan xa estar relegadas a un segundo plano porque a súa ineficacia fíxose palpábel en determinados aspectos (os cambios de roles eran tan evidentes que os cativos e cativas percibían a intención didáctica e mesmo moralizante ben axiña, á vez que a comparación coa realidade xeraba neles unha sorte de estrañamento ante o produto literario), cal é o camiño a seguir? A estudosa Teresa Colomer avoga pola introdución de determinadas sutilezas nos textos, que rematen coa reclusión da muller ao ámbito doméstico e que a incorporen por fin ao mundo laboral, fóra dos papeis de mestra, enfermeira, coidadora ou vendedora. O percorrido realizado é palpábel, sobre todo, nos álbums ilustrados (normalmente destinados a primeiros lectores) e boa proba disto é o traballo no país de OQO Editora, que adoita publicar textos que toman como punto de saída a literatura popular, para refacela, transgredila e modificala e para conseguir, dunha vez por todas, que as princesas, as fadas, pero tamén as bruxas, teñan ideas propias e axuden ás cativas a identificarse cunha maior facilidade co que están a ler. Porén, se nos textos para o público máis novo esta problemática leva o camiño de se resolver, nas obras xuvenís a realidade é ben diferente. A abundancia de estereotipos que nelas hai, en parte por responder a subxéneros literarios determinados (novela negra, rosa, de ciencia ficción...) complica enormemente esta laboura.

---

<sup>7</sup> Falamos de: “A escola non ten sexo” en *Andaina*, nº11, febreiro e marzo de 1987, pp. 10 e 11; Candedo, María Dolores. “Educación sexual: reflexións en torno a unha proposta cara a formación do profesorado” en *Andaina*, nº18, xuño de 1988, pp. 11 e 12; *Grupo de Profesoras de Santiago e Vilagarcía*. “As agresións e a escola” en *Andaina*, nº20, marzo de 1990, pp. 11 e 12. Estes só son algúns exemplos.

<sup>8</sup> Seoane, Marga (1990). “Sexismo na literatura infantil” en *Andaina*, 1ª época, nº21, xullo de 1990.

<sup>9</sup> Mostra disto é, por exemplo, o artigo de Teresa Colomer titulado “¿No discriminados?”, dispoñíbel en *Albareque. Revista de bibliotecas escolares* e accesíbel na rede: <http://web.educastur.princast.es/proyectos/abareque/scripts/leemos.php?leer=54>

Emporiso, o tempo das detectives arriscadas, do mozo sensíbel namorado inexorábelmente ou das comandantes de naves espaciais parece ser chegado. Todo isto sen tentar ser quen non son: procurando unha reconstrución de roles de xénero que non os faga, nin as faga, iguais ao outro, senón diferentes nas súas propias características. Mais capaces de estar nas situacións, ter as vivencias ou mesmo os trazos de personalidade asociados normalmente ao outro ou á outra. Só así, o tempo dos rosas e dos azuis comezará, dunha vez por todas, a rematar.

Montse Pena Presas